

2.634/1980, do 31 de xullo, sobre transferencia de competencia da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de industria,

Esta delegación provincial resolveu autorizar a BEGASA a instalación eléctrica que ten como características principais as seguintes:

Liña de media tensión, de 20 kV, con conductor LA-30, apoios de formigón e torres metálicas, orixe na L.M.T. Vilapedre e Cotelo-Costa e na L.M.T. Vilapedre-Lousada e final nos centros de Vigo, Porto de Bois, Ramos e Reboredo, cunhas lonxitudes de 539 metros a de Vigo, 660 metros a de Ramos, 1.229 metros a de Rebordelo e 1.024 metros a de Porto de Bois. Centros de transformación de 50 kVA o de Vigo, Rebordelo e Porto de Bois, 25 kVA o de Ramos e 160 kVA o transformador existente, 20 kV, 380/220 V. Redes de baixa tensión, conductores R.Z.-95-50-25 apoios de formigón ou sobre fachada, para mellora da subministración na parroquia de Vilapedre, no concello de Vilalba.

Declarar, a utilidade pública da instalación eléctrica que se autoriza para os efectos sinalados na Lei 10/1966, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e o seu regulamento de aplicación do 20 de outubro de 1966.

Esta instalación non poderá entrar en servizo mentres o seu peticionario non conte coa aprobación do proxecto de execución, logo de cumprilos trámites que se sinalan no capítulo IV do citado Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro.

Lugo, 24 de marzo de 1994.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 25 de marzo de 1994, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 3.841 A.T.).*

Visto o expediente incoado neste delegación provincial, por instancia de *Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A.*, con domicilio en Lugo-Cidade de Viveiro, 4, en solicitude de autorización para instalar L.M.T. e C.T. edificio c/ Quiroga, 35-37 de Lugo, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1.634/1980, artigo 14, e co 2.617/1966, artigo 11, así como coas demás disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a BEGASA a instalación de liña de media tensión, subterránea, de 20 kV, cunha lonxitude de 80 metros, con cable 1x95 mm<sup>2</sup> Eprotenax. Centro de transformación 1x400 kVA 20.000 ± 5%, 398/230 V.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Lugo, 25 de marzo de 1994.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

## CONSELLERÍA DE CULTURA

*Resolución do 28 de marzo de 1994, da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, pola que se incoa expediente de declaración de ben de interese cultural con categoría de monumento a favor da igrexa de Santiago de Traba, no concello de Laxe (A Coruña).*

Visto o informe dos servizos técnicos desta dirección xeral favorable á incoación como ben de interese cultural con categoría de monumento a favor da igrexa de Santiago de Traba no concello de Laxe, e de conformidade cos artigos 6 a) e 9.2º da Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, artigo 11.1º do Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, que desenvolve parcialmente a antedita lei, e de conformidade co artigo 7 do Decreto 430/1991, do 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de bens de dereito cultural de Galicia. Esta dirección xeral,

### RESOLVE:

Primeiro.—Incoar expediente de declaración como ben de interese cultural con categoría de monumento a favor da igrexa de Santiago de Traba. De acordo coa Lei 16/1985 e o Decreto 430/1991, a delimitación do seu contorno figura no plano que consta no anexo, sendo a súa descrición a seguinte:

«Iniciase a delimitación no punto A, lugar de cruzamento da pista que leva á lagoa con outra a pobos inmediatos e seguindo aquela pola súa marxe dereita, con fronte ás parcelas 363 e 367 chega ó punto B. Cruza a pista e, seguindo o curso de regato denominado do Cubelo que atravesa a parcela 367, chega ó punto C e desde ese, subindo por unha ramificación do mesmo regato do Cubelo chega ata o punto D, desde o que seguindo á liña de deslindamento que delimitan as parcelas 370 e 374 chega ata o E. Desvíase pola fronte da parcela 372 ata o punto F e desde este, seguindo o camiño de servizo entre as parcelas 371 e 372 chega a G despois de cruzala pista; e continuando esta pola súa marxe dereita con fronte ás parcelas 371-365-364 e 363 chega ata o punto de partida A, pechándose así a liña poligonal que conforma a delimitación do contorno da igrexa de Santiago de Traba, no concello de Laxe».

Segundo.—Segui-la tramitación do expediente segundo as disposicións vixentes.

Terceiro.—Dar traslado da resolución ó alcalde do concello de Laxe, e notificarlle que, de acordo co que establece o artigo 16 da Lei 16/1985, a presente incoac-

ción determina a suspensión das correspondentes licencias municipais de edificación e demolición da zona afectada pola delimitación, así como dos efectos das xa outorgadas con anterioridade, e que a realización de obras nesta zona que por razón de forza maior foran inaprazables, terá que ser autorizada pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

Cuarto.—De acordo co disposto no artigo 12.2º do Real decreto 111/1986, notifícaselle a resolución ó Arcebispado e ó Rexistro de Bens de Interese Cultural para a súa anotación preventiva, e de acordo co artigo 7.3º

do Decreto 430/1991 notificárase ademais ó Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

Quinto.—Que o presente acordo sexa publicado no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*, abríndose un período de información pública de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte a súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 1994.

Ángel Sicart Giménez  
Director xeral do Patrimonio Histórico e  
Documental

### ANEXO I

#### DELIMITACIÓN DA IGREXA DE SANTIAGO DE TRABA-LAXE

